O personaxe que máis me gustou é a serea que tamén é un gato, porque pareceume impresionante e importante

Debuxo:































**No mes de abril recibimos a visita desta xoven autora do libro "A nena e o mar" para os de 6º**














# A LAGARTA







É UN RÉPTIL PORQUE TEN O CORPO CUBERTO DE ESCA-MAS











TEN CATRO PATAS CON CINCO DEDOS QUE UTILI-ZA

A PEL PODE SER















MUDA A SUA PEL



É OVÍPARA , PORQUE NACE DE OVOS A FEMIA PON OS OVOS NA TERRA E AS CRÍAS NACEN AO CABO DUNS DOUS MESES GRAZAS Á CALOR













É INSECTÍVORA, ALIMÉNTASE DE INSECTOS; FORMIGAS, GRI-













CANDO SE SENTE ATACADA POR OURIZOS, BUFOS, GATOS OU OUTROS ANIMAIS, DESPRÉNDESE DUN ANACO DE COLA, QUE SEGUE MOVÉNDOSE DURANTE UNS MINU-











ESTE MECANISMO DE DEFENSA PODE CONFUNDIR OS SEUS DEPREDADORES E PERMITELLE FUXIR

AO CABO DUNS MESES O ANACO DE COLA VÓLVELLE CRECER.











É UN ANIMAL DE SANGUE FRÍO. NECESITA TOMAR O SOL PARA MANTER A TEMPERATURA DO SEU CORPO

Alumnado de 4 anos Infantil A

O 14 de abril os nenos e nenas de 3º e 4º recibimos con moita ilusión a María Canosa, escritora e autora de libro que limos "Rubicundo"
















merlín
Rubicundo
María Canosa
Ilustracións de Nuria Díaz
XERAIS


Rubicundo
Erea é unha nena que ten un veciño estraño, moi estraño que se chama Rubicundo. O veciño todas as noites sae co súa bicicleta e o seu paraugas.
Erea quere descubrir que fai Rubicundo todas as noites.
Un día, decide ser a súa amiga para coñecelo mellor.
Regálalle un paraugas, porque sempre chega con eles rotos.
Ao final fixéronse amigos.




Pareceume divertido porque o conto non é como todos, é excepcional e iso gústame
O momento que máis me gustou son as respostas da conversa de Erea e Rubicundo.
Recoméndoo a toda a xente de todas as idades.


Laura Martínez de la Herrán 3ºB


Maloe 3ºB


CAFÉ


Ana 3ºB




O conto de Rubicundo pareceume
moi interesante e moi entretenido
e un pouco gracioso.
O que máis me gustou foi cando
Rubicundo toseu no bar e botou
todo o café na mesa.


RUBICUNDO


Rubicundo

# Lecturas compartidas

Durante o mes de abril, o noso alumnado recibiu a visita dos país, naís, avós/as para compartir coa súa aula un momento de lectura. Non sabemos quen disfrutou máis se os maiores ou os pequenos. Gracias por participar. Foi un éxito rotundo.

























Tamén os papás e demáis familia puideron disfrutar dun momento de lectura co Profe Miguel lendo , entre outros, retazos do Quixote.





# Viaxe ao DOMUS e acuario



Hoxe, 3 de maio, os máis pequenos do cole ( o alumnado de infantil) ímonos á cidade da Coruña para coñecer O DOMUS e o ACUARIUM FINISTERRAE







Xa chegamos ao DOMUS. Que grande é este museo!!!!!










MANITAS Y MANAZAS











# no domus










## con linguaxe de signos









## quen e mais alto?



## xogamos coa nosa imaxe








# no acuario


























## FIXEMOS DEBUXOS DO ACUARIO





ALUMNADO DE 4 ANOS B


















ALUMNADO 5 ANOS A

















ALUMNADO 5 ANOS B

# KLIMT PROJECT

Un dos proxectos do Plan Plurilingüe en Plástica desenvolveuse ao longo do 2º e 3º trimestre deste curso. O obxectivo era a reprodución dun cadro do artista.
Nos primeiros niveis fixeron unha combinacion de técnicas: o decoupage e o pintado para o cadro de "The Kiss".
Para o 5º e 6º trataron o estudo do cadro: "The tree of life" e unha das tres partes titulada: "The embrace" no que estudaron coidadosamente o cadro antes de plasmalo no lenzo.

























# CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

Desde o equipo de medio ambiente, levouse a cabo un concurso de fotografías da natureza. Os nenos e nenas inmortalizaron paisaxes, animais … con pé de foto no que aparece o nome e o motivo de facer esa fotografía.












CEIPP DE PALMEIRA

# Letras Galegas 2016

O 17 de Maio celébrase o Dia das Letras Galegas. Este ano adicado a Manuel María, escritor de Outeiro de Rei (Lugo). Escribiu tamén poesía sobre animais, por iso no cole traballamos un poema sobre un animal e fixemos o debuxo seguindo a técnica dun pintor famoso como: Picasso, Dalí, Pollock, Alexander Calder….



















CARACOL


O GRILO




A PITA CHOCA




MEU AÑO
TEÑO UN AÑO BRANCO
COMO OUTRO NON HAI,
TEÑO UN AÑO BRANCO
QUE QUEDOU SEN NAI!
VÉN COMIGO AO PRADO
E AO MONTE TAMÉN,
A ONDE QUER QUE EU
VAIA EL COMIGO VÉN...
SEMPRE VÉN COMIGO,
SEN MIN NON SE AFAI.
EU SON SEU AMIGO,
QUE QUEDOU SEN NAI!
EL COMIGO BRINCA,
E EU XOGO CON EL,
MEU AÑIÑO BRANCO,
MEU AMIGO FIEL...!
EL COMIGO XOGA,
MOI MANSIÑO É!
E SEI O QUE FALA
CANDO EL DI: MEE...!
MANUEL MARÍA
FERNANDES TEIXEIRO
"POLLOCK"
4 ANOS A



Como outra das actividades do día das Letras Galegas,o día 19 de maio saimos ao patio e fixemos lecturas de escritores galegos. Os nenos e nenas maiores líanlle aos pequen@s e ao revés.













O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

día dos letras galegas (17 maio) baixamos ao patio a contar un
nto aos nenos de 4 anos. O meu compañeiro e eu conta
n conto, despois de Inés e Alex. Logo fomos a outro grup
n eles dous. Máis tarde separámonos. Limos o conto que
titulaba Petra. Petra era unha elefantiña que quería ser
lgada e elegante. Pelas noites soñaba que tiña a
intura delgada e daba pasiñas graciosiñas que non facía
uido ao andar. Pola mañá estaba disgustada e o seu amigo
dixolle: ¿E por que non probas a adelgazar? - A
tra pareceulle boa idea e pensou: ¿Que podería facer?
Pensou. E foi preguntar ao cocodrilo. Fixo exercicio
rante unha semana e non funcionou. Logo foi pregunt
s cebras e a súa mamá fixolle uns pantalóns de raias
rticais pero non a facían tan delgada como esperaba
ntón foi preguntar a serpe Cela si que estaba escudriñando
ao chegar a casa non comeu nada. Entón foise de
xe e encontrouse a un elefantiño chamado Fortunat
ulato. E a mañá seguinte volveu todos os animais
lebraron unha festa de benvida.



COTACONTOS POR UN DIA

Para mim poder contarlles contos aos nenos pequenos fo
estupendo. Porque a min de pequena encantábame escoitar
historias. As historias que lles contamos eu e a miña
compañeira foron "Os sete cabritos" e "Come, Come
Cabaciña".

Nós non usamos máscaras, pero non solo nós contamos
o conto, eles foron os personaxes. Ao principio non facían
caso pero ao final conseguímolo. Penso que o que máis
lles gustou foi poder participar.



DIA DAS LETRAS GALEGAS

No día que celebramos as letras galegas
colexio lémoslle contos aos nenos de 4 anos.
Para facelo, puxémonos en grupos de 2 persoas.
Eu fun coa miña amiga Yaiza. Ela leeu un
conto titulado: "Panocha (adeus a telé), e eu un
que se titulaba: "A toupiña que quería saber
quen lle fixera aquilo na cabeza".
Pasámonolo moi ben, porque tiñamos máscaras
e animais. Polo menos eran 12.
Lémoslle os contos a moitos nenos, e rironse
moitísimo.
Cando acabamos de lerlle os contos a uns
nenos, iamos a outros nenos, e así sucesivamen
te.
E tamén fixonos moita gracia que o noso
amigo Juan dixera: "Mamboleo, mamboleo, eh!!", o
facía cada vez que o conto poñía "Madrid".







DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Este ano foi dedicado a Manuel María, escritor de poemas. No noso colexio: C.E.I.P.P. Non tivemos clase. Tamén na nosa clase fixemos un debuxo dun burro e o poema ao seu lado. O poema chámase "O meu burriño".
Logo fomos á biblioteca para escoller un conto e contárllelo aos pequenos. Eu escollín "a gata de lá". Conta de un gato que está só e coñece a unha lura que tamén está soa. Entón fanse amigos e o gato converte a lura nun gato. A miña parella foi Juanoi. El escolleu "Os bolechas no monte". Só deunos tempo a contárllelo a tres grupos. Pero algúns non facían moito caso. O pasei moi ben.





AS LETRAS GALEGAS

No día das Letras Galegas baixamos ao patio e a nós tocáronos cos nenos de cinco anos. Eu e a miña compañeira Eva contamos o conto: "Un can e un gato e os mamíferos". Os meus compañeiros e eu levamos unhas caretas. Eu levei dun can e dun gato e deixamos que os nenos fixeran o conto e por suposto logo levínosllo. Gustoulles moitísimo. O conto ía sobre un gato e un can que foron a xogar, o can mordeu ao gato porque esqueceu que era un xogo e o gato rabuñou ao can porque esqueceu que era un xogo. Ao día seguinte os dous perdoáronse e foron a xogar. No conto dos mamíferos había moitos animais mamíferos e as súas curiosidades. Encantáronlles os dous contos. Logo tocounos con outros nenos e logo fomos á clase. Por último fomos a devolver os libros.





# Concurso Literario Concello

O xoves 19 de maio fomos invitados ao auditorio para ver a actuación musical (Cocido sinfonico) do grupo: "Os tres tenedores". Despois da actuación houbo a entrega de premios do Certame literario do Concello.
No noso cole houbo dous premiados:
**Pepe Meis de 4º B e Xavi Martín de 5º B**


AVENTURA NO ANTIGO OESTE






A nena loitadora

**PREMIADO CO CONTO "A NENA LOITADORA" Pepe Meis de 4º B**







**PREMIADO CO CONTO "AVENTURA NO ANTIGO OESTE" Xavi Martín de 5º B**


LETRAS GALEGAS



19-5-2016

¡OS 3 TENEDORES!

No 19-5-2016 fomos no AUDITORIO e o pasamos xenial. Eran tres persoas que facían dino cociñeiros e tamén estaban tolos. Daban moita graza, ata cantaban! A que máis gustoume foi un de números que é así: "Un, dous, un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove e dez; e vai resolver a nosa operación porqueeee!! E nos facía un problema orixinal.

Todos os anos vamos alí e tamén todos os anos gaña Carla, pero hoxe non, gañou outro Xabi. M, ALELUIA, pero todos gañamos unha cousa: un estuche con 3 lápices, unha regra e unha goma con forma de libro. O pasamos xenial!!



A RIBEIRA!!!

Primeiro collemos o bus con destino a Ribeira. Eu no bus tocoume ir con Yago. Iamos ao lado de Anxo e de Carlos. Unha vez dentro do auditorio municipal de Ribeira vimos unha actuación dos 3 tenedores que eran un grupo moi gracioso. Primeiro cociñaron unha crema con: verduras, mariscos etc.... despois cociñaron unha tarta que uns nenos que subiron ao escenario de voluntarios decoraron. despois entregaron os premios do noso colexio o C.E.I.P. Plurilingüe de Palmeira gañaron dous despois volvemos















SAIDA AO AUDITORIO

Hoxe 19 de Maio co motivo das Letras Galegas dedicado a Manuel María estivemos nunha entrega de premios no auditorio de Ribeira.

No auditorio representaron unha obra de teatro chamada "Os tres tenedores", foi moi divertida porque nos ensinaban hábitos de hixiene coa súa música e interpretación.

Ao rematar a obra foi a entrega de premios sobre: Cómics, poesía, conto e debuxo. O gañador da nosa clase foi Xabi. M. O pasei moi ben e gustaríame repetilo para o ano.



CONCURSO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O xoves 19 de Maio, celebrouse no auditorio de Ribeira o concurso de comic, Poesía, conto e debuxo.

Antes de celebrarse o concurso fíxose unha actuación que se titulaba "Os tres tenedores". Mentres se cociñaban os pratos oubo unha pequena actuación musical. Unha vez que os pratos estaban cociñados o cociñeiro tiña moitísima fame e comeuse a comida sin deixarlle nada a os seus compañeiros.

Despois desta actuación celebrouse o concurso de comic, Poesía, conto e debuxo, tocándolle o premio o noso compañeiro Xabi. M.

# Concurso Literario de Agapito 2016

## CONTO

## Ed. Infantil 3 anos

### "O PARRULO MADURO"






















# Ed. Infantil

## "O GALO QUE SE ESQUECEU DE CANTAR"

























# 4 anos B
## Ed. Infantil




### "O PUCHIÑO PERDIDO"

ÉRASE UNHA VEZ UNHA VACA QUE SE CHAMABA ELIA.

ELIA TIVO UN PUCHIÑO AO QUE CHAMOU BIBO.



ELIA ESTABA MOI CONTENTA CO SEU PUCHIÑO E PASEABA TÓDOLOS DÍAS CON EL.



ELIA COMÍA MOITA HERBA PARA TER MOITO LEITE



E ALIMENTAR A BIBO.



UN DÍA ELIA NON ATOPABA A BIBO E PÚXOSE MOI TRISTE



BIBO ESTABA XOGANDO CUNHA BOLBORETA E FOISE SEPARANDO DA SÚA MAMÁ.



ELIA NON ATOPABA A BIBO POR NINGÚN LADO.



ELIA ATOPOUSE CO CABALO E PREGUNTOULLE SE VIRA A BIBO PERO NON O VIRA



SEGUIU BUSCANDO E PREGUNTOULLE AO PORCO PERO TAMPOUCO O VIRA



LOGO PREGUNTOULLE AO CAN PERO PERO TAMPOUCO O VIRA



DE REPENTE ELIA VE AO PUCHIÑO XOGANDO COA BOLBORETA



MOI CONTENTA VAI A XUNTO DE BIBO



E ELIA, BIBO E A BOLBORETA MARCHAN MOI CONTENTOS PARA A SÚA CASA.





# 5 anos A
## Ed. Infantil




## "UN DIA NOE"




UN POUCO MÁIS TARDE ATOPOU
A UNS TIGRES, OU ESO PARECÍAN...
-QUÉ É ISTO?
-SOMOS TIGRÉRICA E TIGREMÁN.
-UFF, QUÉ RARO É TODO ISTO.


TIGRÉRICA
TIGREMAN


ENRIBA DUNHA VENTÁ HABÍA
DOUS PAXAROS, PARECÍAN LOROS, PERO...
-QUÉ É ISTO?
-SOMOS LOROMAR E JORLORO.-DIXERON,
E COMENZARON A BERRAR:
-ESPERTA NOE!!!, ESPERTA!!


JORLORO
LOROMAR


-ESPERTA!! BERRARON TODOS OS ANIMAIS Á VEZ.
ESPERTA!!
ESPERTA!!


ESPERTA!!


E NOE, POR FIN ESPERTOU.




ELISA
ERICK
EMMA
RUBEN
JORGE


VALERIA
MANUEL
DANIEL
DANIELA
AINOA
INÉS


E.I. 5 ANOS A

# 5 anos B
## Ed. Infantil




**PREMIADO:**
**"UN NENO VAISE DE VIAXE "de Tuán Ferrerirós**



































# 5 anos B
## Ed. Infantil




**ACCÉSIT:**

**"A OLA GRANDE "de Marco González**























# Ed. Primaria
# Primeiro Ciclo

**PREMIADO:**
**"O DRAGÓN VERMELLO "de Alexandre Cajide ( 2º A)**

O dragón vermello

Había unha vez un dragón
vermello e gruñón que estaba
durmindo nunha praia pola tarde.
Despertou e douse conta de que,
quedara con unha bruxa para devolverlle
un libro de feitizos, se non lle caería
unha maldición.
e chegou a tempo. Correu e correu
tan mala que lle dixo pero a bruxa era
raio enriba. Cacharche un
para o reloxo. Pero o dragán mirou
e gritou ¡bruxa e faltaba un minuto
tempo! a bruxa mala, cheguín a
nada non pudo facer



Alex Cajide 2º A

# Segundo Ciclo

**PREMIADO:**
**"QUEN ROUBOU O TESOURO DAS BRAÑAS DE COROSO? "de Elena Abad ( 3º A)**







Fai moitos anos un pirata escondeu o seu tesouro nas brañas de Coroso, pero aínda non existía ese lugar, despois de cincuenta anos, un científico encontrou o tesouro escondido nunha cova, e o levou ao seu laboratorio para saber o que era e nel había: moitas moedas de ouro, coroas, aneles e mais xoias de ouro, e púxolle unha barra protectora ao seu redor. Toda a xente do pobo lle gustaba velo, e un día o científico foi a collelo pero... non estaba! Empezou a buscar e a buscar e non o atopou. Entón buscou os mellores detectives e tampouco o atoparon e puxo un cartel que decía: ofrezco 1 millón de euros a quen o atope.

Un día un pobre atopouno, tiñano uns nenos que andaban a xogar con el aos piratas pola noite. O pobre entregou o tesouro ao científico e recibíu a recompensa e dende ese momento foi moi famoso e feliz.

Fin

# Segundo Ciclo

**ACCÉSIT:**
**" THE FAIRY AND THE LEPERCHAUN"**
**de Antía Casal**
**( 4º A)**






Once upon a time, there was a
leprechan. The leprechaun was wearing
a green suit. He likes playing the guitar and
playing football. One day he fell into a hole.
He saw a light and he followed it and he found
the fairies word. He met a beautiful fairy.
they fell in love and live forever ever
after

# Terceiro Ciclo



**PREMIADO:**
**" O CONTO DO AVÓ"**
**de Vicente Mariño**
**( 5º B)**

## "O conto do avó"

A Xan lle gustaba moito ler.

Era un neno de 10 anos que dende moi pequeno lle gustaba moito ler aventuras. E nos libros as encontraba.

Nun cumpleanos o seu avó non sabía que regalarlle. E como sabía que lle gustaba ler compoulle un libro de aventuras.

Todos os días lía un pouco. Pero unha noite, cando xa lle quedaba pouco para rematalo quedouse dormido.

Nese mesmo momento despertou nun lugar extraño, era unha selva.

Estaba rodeado de ruidos extraños e animais extraños.

De súpeto un león quiso atacalo, pero conseguiu esconderse nunha cova. Alí encontrou a outros nenos coma él. Fíxose amigo deles e lle ensinaron toda a selva. Era un lugar fantástico, viviu nel moitas aventuras. Ata que sonou o seu despertador e volveu ao mundo real.

Dende aquel momento decidiu que non había nada mellor que un libro para lerse e non deixou de ler todas as noites.

# Terceiro Ciclo

**ACCÉSIT:**
**" THE LEPERCHAUN'S DIET"**
**de Lucía Rivas ( 6ºB)**




Once upon a time, there were a lot of fairies flying. They had a treasure. There was a beautiful rainbow in the sky. Leprechauns wanted the pot of gold because they liked shiny things. The pot of gold was at the end of the rainbow. One day Leprechauns went to steal the fairies' treasure. The fairies protected the treasure with their magic powers. They changed the real coins for coins made of chocolate. The chocolate had poison. They ate it and they died.

The end

# BANDA DESEÑADA

## Ed. Infantil

### 5 anos B




**PREMIADA:**
**"OS DOUS PAVOS REALES"**
**De Carla García Paz**












# Ed. Infantil
## 5 anos B




**ACCÉSIT:**
**" O CAN E A NENA"**
**de**
**Uxía Ríos ( 5 anos B)**







**ACCÉSIT:**
**" O FÚTBOL"**
**de**
**Álvaro Vidal ( 5 anos B)**



# Segundo Ciclo

**PREMIADA:**
**“o DOUTOR PATOSO”**
**De Carla Villagrán ( 4ºA)**



# Segundo Ciclo

**ACCÉSIT:**
**" O QUE PENSA É VERDADE OU PA-RECIDO?" de David García Iglesias ( 4º A)**



**ACCÉSIT:**
**" O CAN MISTERIOSO de Raquel Franco González**
**( 4º A)**



# Terceiro Ciclo

**PREMIADA:**
**“MAGOCHIS”**
**de Xabi Martín ( 5ºB)**



# DEBUXO

## Ed. Infantil 3 anos

PREMIADO :
"BICHOS DIVERTIDOS"



PREMIADO :
"PAPA E EU"



# 4 anos A

**PREMIADO :**
**“ZOO”**



PREMIADO :
"OS PEIXES DO MAR"

# 4 anos B



# 5 anos

**ACCÉSIT:**
**" AS MATRIOSKAS" de**
**Yudnery Serna Salas ( 5 anos)**



# Ed. Primaria
# Primeiro Ciclo

**PREMIADO**
**" O ENTRENADOR DE MURCIÉLAGOS"**
**de Darío Caamaño López ( 2ºB)**



# Primeiro Ciclo

**ACCÉSIT:**
**" A FAMILIA"**
**de Aitana Marrero Pillado( 1º A)**



# Segundo Ciclo

**PREMIADO: Pedro Prol Briones ( 4ºA)**



**ACCÉSIT: Jaime Cadórniga Barbeito( 4º A)**



# Terceiro Ciclo

**PREMIADO: Xabi Romero González( 5ª B)**




**ACCÉSIT: Xabi Martín Lois ( 5ºB)**



# POESIA

## Segundo Ciclo

1

### A bruxa Curuxa

A broxa curuxa,
nariz afiada,
non toma churrasco,
nin toma verduras.

A bruxa curuxa
prepara un feitizo
con sapos e grilos,
con serpes e viño

A bruxa curuxa
caeronlle os dentes,
por este menú
tan pouco corrente.

autora: Alba fariñas
ilustradora: Alba fariñas.

Curso 4ºA



**PREMIADA: " A BRUXA CURUXA"**
**de Alba Fariñas Blanco ( 3ºB)**

# Segundo Ciclo

**ACCESIT: " OS ANIMAIS DA GRANXA"**
**de Mateo Santiago Sanlés (3ºB)**

## Os animais da granxa.

Os animais da granxa
xogan, divirtense e
pola noite descansan.

As vacas moven o rabo
mentras os porcos
se tiran ao barro.

O cabalo salta o valado
e as galiñas están
xogando aos dados.

A ovella da la
e faille un xersei
a seu irmán.

Mateo 3º B

# Terceiro Ciclo

**PREMIADA: " A PESCA"**
**de Carlos Lijó Fernández ( 5º B)**

## A PESCA

Facer deporte é a miña ilusión
porque me sae do corazón
correr, saltar, pedalear e nadar
e co que máis podo gozar.

Nunca pensei que me podía pasar
o que agora vos vou a contar.

Era verán e facía calor
collín as cousas e puxen o bañador.
Cheguei á praia para nadar
pero o que fixen foi pescar.

Coa cana, a liña e o truel
fun á Tixosa e ao Camallón
porque alí nas pedras hai moito mexilón.

Nunca pensei que me podía pasar
o que agora vos vou a contar.

A pesca foi fortunenta
lorchas, pateiros e carións
metín no caldeiro a mogollón.

Ao día seguinte volvín e foi o mellor
porque ademais doutros peixes atopei camarón.
Menudo filón!
Boa idea a de ir ao Camallón!

Carlos Lijó
Fernández
Cariño 5ºB



# Terceiro Ciclo

**PREMIADO:“ VEN Á RIBEIRA”**
**de Carlos Lijó Fernández ( 5ºB)**

## VEN A RIBEIRA

Se ves a Ribeira alucinarás
coas cousas fermosas que aquí atoparás.

O Parque de San Roque para aprender e gozar
a illa de Sálvora do Parque Nacional
a gran duna no Parque Natural
e desde a pedra do Rá penedos contemplar.

Do noso pasado poderás admirar
a Pedra das Cabras
o Dolmen de Axeitos
e o Castro da Cidá.

Das bonitas praias non te esquecerás.

Ti ven a Ribeira,
e eu dígoche que volverás.





Carlos Lijó
Fernández
García 5ºB

## ACCÉSIT: "NALA"
de Xabi Martín Morales (5ºB)

# NALA



A miña cadela Nala
vinse no meu xardín
por ela entraría na sala
a deitarse no meu coxín.

Co seu pelo branco e negro
e os seus ollos brillantes
cando a miro alegre,
semella un par de diamantes!

Ela cedo se levanta
pois na praia gústalle xogar
alí ás gaivotas espanta
e non dubida en se bañar

Da súa bonita pelaxe
na cara leva a antifaz,
no entroido non leva traxe
pois leva o mellor disfraz.

# ANPA

## ACTIVIDADES

Como nos anteriores cursos, a ANPA organizou moitas actividades extraescolares para o noso alumnado.

**Inglés** **Clube Creativo** **Zumba**
**Piscina** **Nenoos**

## ENGLISH






## CLUBE CREATIVO















## NENOOS

## PISCINA






## ZUMBA



# FESTA VOZ NATURA

## TODA GALICIA EN VOZ NATURA: OS GRANDES FANS DA NATUREZA



Como todos os anos , desde o Equipo de Medio Ambiente participamos e colaboramos cos nosos proxectos con VOZ NATURA.

O final do curso escolar anticipouse coa festa de Voz Natura o sábado 4 de Xuño.
, múltiples actividades lúdicas e ata son de rock a cargo de "Os Furious Monkey House"

O parque de Acea de Ama , no Burgo (A Coruña) foi o marco de celebración para: exposición dos traballos dos distintos coles, entrega de premios ós distintos proxectos dos colexios de toda Galicia







A mascota de Voz Natura, «Terry», foi unha das protagonistas da gran festa de fin de curso de Acea de Ama, que este ano contou con 60.000 alumnos dispostos a dar a cara polo medio ambiente

# Aperta á natureza no seu día grande

## Miles de persoas despediron o curso con Voz Natura nunha festa na que nin sequera faltou o rock

A cita era tan especial que ata tivo son de rock. Os Furious Monkey House foron unha das novidades máis celebradas da cita de fin de curso. Una festa que reúne cada ano, ie xa van 19!, aos grandes fans da natureza. Actividades como unha xincana, escalada e talleres a proba de gustos e habilidades (debuxo, radio, maquillaxe, chapas personalizas ou prensa) pintaron o sábado unha xornada de sol que mereceu miles de portadas. De feito, ata 1.567 primeiras planas imprimíronse na pequena redacción ao aire libre que traballou en Acea de Ama. Os titulares falan de pequenos moi grandes. O sábado puidemos velos ata conducindo o tractor da Consellería de Medio Rural, as motos da Garda Civil e apagando o lume cos Bombeiros. O curso acaba ao natural, cunha forte aperta á terra.

> **Ana Abelenda** TEXTO
> **Vítor Mejuto, Marcos Míguez** FOTOS





A actividade hípica organizada polo Club Santa Apolonia foi un dos atractivos da cita, na que os máis espelidos puxeron a proba o seu olfacto periodístico



Houbo inchables, talleres e ata unha xincana



O rock dos Furious Monkey House soou coma a gran novidade do ano



O público deu o mellor nunha festa que vai xa a polos 20 anos. ¡Grazas!



Pequenas presentadoras para o futuro de V Televisión



A escalada non se lles resistiu aos que soñan chegar alto

# Excursión a Muros



O martes 31 de maio fomos 5º e 6º a coñocer Muros e Monte Louro.

Ao chegar, María, a monitora, contounos parte da historia da vila de Muros.



Dinos que esa é a única parte que queda da muralla de Muros. Aqui está a entrada principal.



Aquí ensínanos as casas da xente máis pobre e a rúa máis estreita de Muros, a Rúa da Soidade.

Logo visitamos o mercado que ten unhas escaleiras na entrada que lembran ás da Catedral de Santiago.



Unha paradiña no Camiño Real. Esta rúa debe o seu no-me á visita a Muros do rei Al-fonso XIII.





Visita a capela do Carme e …

A comer



Logo fomos a Monte Louro



Unha policía municipal axudounos para cruzar a estrada.



E empezou a cami-ñata ata Monte Louro.





Á dereita estaba a du-
na e a lagoa.



Un pequeniño descanso.



A outra monitora en-
sinounos algunhas
plantas que había
polo camiño, por
exemplo da "barba
de raposo" de cor
laranxa.



Ao outro lado da ría
está a península do
Barbanza.



Un pouquiño antes de chegar ao faro vimos a uns homes que collían percebes.





Dende o faro de Monte Louro continuamos camiñando ata coller o autobús que nos levaría á praia para xantar.

Ao rematar de comer voltamos ao cole.

**Nenas e nenos de 5º e 6º**

# Chegou o momento da praia

Chegou o tempo da Praia, do sol e de desfrutar do bo tempo e das vacacions e todolos mestres e alumnado queremos deserxarvos un feliz verán a través destas divertidas fotografías e debuxos.
FELIZ VERÁNNNNNN!





Despois de tanto traballo, xa tiñamos ben merecido este descanso.












AIDA






VALERIA

# Boa sorte

# Farewell. Goodbye

Chegou o momento das despedidas para vivir unha nova etapa.
Por iso, deixámovos unha pequena mostra da sesión fotográfica que tomamos no cole...













# PROFESORADO 2015 - 2016



ENTe CEIP de Palmeira

Equipo de Medio Ambiente

C.E.I.P. PALMEIRA BIBLIOTECA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA C.E.I.P. de PALMEIRA

- Esta revista foi maquetada por o profesorado integrante do Equipo de Novas Tecnoloxías do colexio.

- Foi posible tamén gracias á participación dos demais Equipos do Centro.

- Pódese descargar e ver a toda cor na nosa páxina web:

**http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/**

Darío - 1º Primaria

